



Este 8M falamos de
memoria, dignidade
e xustiza...

Falamos do
franquista
*«Patronato de
Protección a la
Mujer»*

Semente de vencer

Que foi o Patronato?

Unha institución dependente do **Ministerio de Xustiza** que funcionou entre 1941 e 1985.

Presentouse como un organismo para “**protexer**” ás mozas.

Na práctica, foi un sistema de control e represión.



▼
Fotografías do fondo persoal de Salomé da Torre.

A quen perseguía?

Nenas e mulleres consideradas
“caídas” ou “en risco” de caer na
inmoralidade e o vicio:

- Rebeldes
- Pobres
- Nais solteiras
- Víctimas de violencia sexual
- Moza con relacións “inmorais”
- Mulleres con orientacións non normativas

*O control do corpo e da
sexualidade era central.*

Que facía?


/ Internamentos **forzados** en centros pechados.

/ Réxime disciplinario. **Castigos.**

/ **Adoutrinamento** relixioso.

/ **Explotación** laboral.

*Non era protección.
Era represión
institucional.*



E isto tamén pasou aquí...

Na provincia da Coruña documentáronse **490 internamentos** entre 1941 e 1965 (cifra mínima coñecida).

Funcionaron centros vinculados ao Patronato na cidade da Coruña, **rexentados por congregacións relixiosas.**

Moitos expedientes foron destruídos na Transición.
A perda tamén afecta ao dereito á verdade.

Este 8M poñemos no centro as voces das superviventes.

Porque recuperar a memoria é un acto de xustiza. E tamén unha ferramenta para previr as violencias.



Venres 6 de marzo • 19:30 h
(apertura 19:00h) • Auditorio da Fábrica
Faladoiro

«MEMORIA, DIGNIDADE E XUSTIZA: O
FRANQUISTA PATRONATO DE
PROTECCIÓN A LA MUJER»

Entrada libre ata completar aforo



Concello de



Oleiros